



Cantos de mazar o liño

I 70e

/: I o ferreiro vai fóra :/
i a muller tamén,
mira Pepe,
i a muller tamén.

/: Estaba detrás da porta :/
i eu non che sei con quen,
mira Pepe,
i eu non che sei con quen.

/: Estaba mazando o liño :/
i eu estaba tamén,
mira Pepe,
i eu estaba tamén.

/: Maza o liño ben pronto :/
/: que che ven o Belén :/

I 86

I o teu liño está fiado
i o meu está sin fiar,
i o teu liño está fiado,
i o meu está tamén.

I 87

O liño está fiado
temos que o blanquear,
tamén temos que o asedar
e temos que o restrelar.

E o liño temos co blanquear
i o liño tamén temos co blanquear.

I as sábenas que facemos
son de lenzo...